

**Informe técnico sobre as proposicións presentadas no sobre C polas empresas concorrentes na contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles do Parlamento de Galicia e proposta de clasificación de ofertas.**

O obxecto deste informe técnico é o estudo, avaliación e proposta de puntuación das proposicións presentadas polas empresas concorrentes nos respectivos sobres C, coa documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas, na contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles do Parlamento de Galicia, remitidos a este Servizo pola Mesa de contratación, e posterior clasificación por orden decrecente segundo a puntuación total obtida.

**I. Antecedentes:**

Os pregos que rexen esta contratación foron aprobados pola Mesa do Parlamento na súa reunión do 14 de xuño de 2016, e publicados no BOPG nº 660, do 16 de xuño de 2016. O anuncio de licitación publicouse no DOG nº 132, do 13 de xullo de 2016.

**II. Empresas concorrentes:**

Lote 1 (material de oficina):

- Office Depot, S.L.
- Paz Dismac, S.L.

Lote 2 (material de imprenta):

- Brinco Soluciones Integrales, S.L.

Lote 3 (material de informática):

- Brinco Soluciones Integrales, S.L.
- Gersa Informática, S.L.

**III. Criterios de adjudicación:**

Segundo o apartado 15 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, o criterio avaliábel de forma automática por aplicación de fórmulas, é o seguinte:

a.- Prezo: de 0 a 52 puntos: Ponderaranse as ofertas e adjudicaránse os puntos de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación } i = 52 \times \frac{\text{Orzamento licitación – oferta } i}{\text{Orzamento licitación – oferta máis baixa}}$$

**IV. Puntuación obtida polas empresas nos sobres B, conforme aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor:**

Por Acordo da Mesa de Contratación foille atribuída ás empresas a seguinte puntuación:

Lote 1 (material de oficina):

- Office Depot, S.L. : ..... 39,10 puntos
- Paz Dismac, S.L.: ..... 43,77 puntos

Lote 2 (material de imprenta):

- Brinco Soluciones Integrales, S.L.: A oferta cumpre cos requirimentos exixidos nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

Lote 3 (material de informática):

- Brinco Soluciones Integrales, S.L. .... 30,00 puntos
- Gersa Informática, S.L..... 20,00 puntos

**V. Ofertas presentadas no sobres C para o criterio avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas: (importes sen IVE)**

Lote 1 (material de oficina): orzamento máximo ..... 12.591,12 €

- Office Depot, S.L. .... 11.628,55 €
- Paz Dismac, S.L. .... 12.181,91 €

Lote 2 (material de imprenta): orzamento máximo..... 17.369,40 €

- Brinco Soluciones Integrales, S.L..... 10.921,38 €

Lote 3 (material de informática): orzamento máximo ..... 16.447,80 €

- Brinco Soluciones Integrales, S.L..... 14.617,84 €
- Gersa Informática, S.L..... 16.303,15 €

Todas as ofertas presentadas están dentro dos respectivos orzamentos máximos de cada lote, polo que todas deben ser admitidas.

**VI. Aplicación da fórmula de cálculo sobre os prezos ofertados polos licitadores:**

Da aplicación á fórmula establecida nos pregos para a determinación da puntuación obtida por cada proposición, ás ofertas admitidas, resulta a atribución da seguinte puntuación:

Lote 1 (material de oficina):

EMPRESA	PROPOSTA ECONÓMICA	Puntuación por criterios avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas
Office Depot, S.L.	11.628,55 €	<b>52,00</b>
Paz Dismac, S.L.	12.181,91 €	<b>22,11</b>

Lote 2 (material de imprenta):

A oferta de Brinco Soluciones Integrales, S.L. é a única recibida para optar a este lote, polo que, comprobado que cumpre os requirimentos dos pregos e non supera o orzamento máximo de licitación, non se considera necesaria a atribución de puntuación algunha.

Lote 3 (material de informática):

EMPRESA	PROPOSTA ECONÓMICA	Puntuación por criterios avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas
Brinco soluciones integrales, S.L.	14.617,84 €	<b>52,00</b>
Gersa Informática, S.L.	16.303,15 €	<b>4,11</b>

## VII. Resumo da puntuación atribuída ás ofertas presentadas:

Sumada a puntuación obtida polas empresas respecto de todos os criterios de adxudicación resulta a seguinte puntuación total:

### Lote 1 (material de oficina):

EMPRESA	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Puntuación por criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas	Puntuación Total
Office Depot, S.L.	39,10	52,00	91,10
Paz Dismac, S.L.	43,77	22,11	65,88

### Lote 3 (material de informática):

EMPRESA	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Puntuación por criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas	Puntuación Total
Brinco soluciones integrales, S.L.	52,00	30,00	82,00
Gersa Informática, S.L.	4,11	20,00	24,11

## VIII. Clasificación das ofertas

Procede clasificar as ofertas presentadas, en función da puntuación obtida, na seguinte orde:

### Lote 1 (material de oficina):

- 1ª Office Depot, S.L.
- 2ª Paz Dismac, S.L.

### Lote 2 (material de imprenta):

- 1ª Brinco Soluciones Integrales, S.L.

### Lote 3 (material de informática):

- 1ª Brinco Soluciones Integrales, S.L.
- 2ª Gersa Informática, S.L.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2016.

O xefe do servizo

  
F. Javier Freire González  
SERVIZO DE PERSOAL  
E RÉXIME INTERIOR  
PARLAMENTO  
DE GALICIA